

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

BERGONDO

Secretaría

Información pública. Dedicacións parciais

Información Pública. Dedicacións parciais

O Concello Pleno en sesión ordinaria celebrada o 22 de decembro de 2016, adoptou o seguinte acordo, que se fai público en cumprimento do establecido no artigo 75.5 da Lei 7/1985, de 2 de abril:

PRIMEIRO.- Modificar o acordo plenario do 07.07.2015, e na súa consecuencia, ademais do desempeño con dedicación parcial dos cargos de concelleiro/a delegado/a das áreas de Benestar Social e Desenvolvemento Económico, nos termos recollidos no devandito acordo, recoñecer o desempeño con dedicación parcial dos dous cargos de concelleiro/a delegado/a dos servizos de Cultura, Ensino e Deporte e Facenda, integrados na área de Presidencia, e dos Servizos Municipais, integrados na área de Infraestrutura, Urbanismo e Medio Ambiente, cunha dedicación mínima de 20 horas semanais, no horario que fixe cada área, ao que se lle dará publicidade, para una máis completa atención ao público.

SEGUNDO.- Fixar como retribución bruta anual para os/as concelleiros/as delegados/as dos servizos de Cultura, Ensino e Deporte e Facenda, e dos Servizos Municipais, a cantidade de dezaseis mil cen euros -16.100,00 €- cantidade que será aboada mensualmente coas nóminas municipais, pagadera en catorce mensualidades (doce ordinarias e dúas extraordinarias), e que experimentará as variacións legais previstas para as retribucións dos funcionarios nas sucesivas leis anuais de presupostos, con efectos dende o 1 de xaneiro de 2017.

TERCEIRO.- Solicitar á Tesoureiría Xeral da Seguridade Social a Alta do/da sre./sra. Concelleiro/a delegado de servizos municipais, con efectos desde o 1 de xaneiro de 2017, e asumindo o Concello as obrigas que as normas do Réxime Xeral da seguridade social impoñen ás Empresas en relación cos traballadores ao seu servizo, asumindo a corporación o pago da cota empresarial correspondente.

CUARTO. Autorizar e dispoñer o gasto, con cargo as aplicacións presupostarias correspondentes do orzamento municipal de 2017, ás que se imputarán os gastos que correspondan, aos que se refiren os puntos segundo e terceiro do presente acordo.

QUINTO. Publicar íntegramente no Boletín Oficial da Provincia, no Taboleiro de anuncios da Corporación e no Portal de transparencia o presente acordo plenario, para os efectos do previsto no art. 75.5 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Bergondo, 23 de decembro de 2016

A alcaldesa-presidenta

Alejandra Pérez Máquez

2016/10701